

NOTIFICACION de ACORDO da XUNTA de GOBERNO LOCAL

Poño no seu coñecemento que na Xunta de Goberno Local celebrada o día 31 de Xullo de 2014, adoptouse o acordo seguinte :

1.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVICIO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 23 Xuño do 2014 resolveu iniciar o procedemento para contratar o servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos, aprobando os pregos de cláusulas administrativas e condicións particulares mediante procedemento aberto e tramitación urgente.

Segundo.- Publicouse o anuncio de licitación no Perfil do Contratante e no BOP nº 133 de 11 de Xullo de 2014. Durante o prazo de presentación de proposicións presentouse unha única oferta asinada por:

U.T.E. constituída por CELTA PRIX S.L. e SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.

Terceiro.- Examinouse a proposta técnicas e económica, así como as melloras ofertadas, de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego- tipo. Deuse por cumprimentada correctamente toda a documentación e non se fixo necesaria a cualificación e valoración das plicas, por existir un único licitador. A Mesa sinala en particular o cadro de melloras ofertadas pola empresa, e, moi en especial, a disposición dun camión para recollida con carga lateral en Silleda e Bandeira, cunha entrega de 80 contenedores e 76 amarelos.

Cuarto.- Á vista do exposto a Mesa de Contratación formulou a proposta de adxudicación do servizo a U.T.E. constituída por CELTA PRIX S.L. e SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Adjudicar o contrato de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos a :

U.T.E. constituída por CELTA PRIX S.L. e SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.

Prezo adxudicación : 185.808,82 € anuais, IVE incluído (15.484,06 € mensuais), xunto coas melloras que constan na súa oferta.

O prezo de adxudicación é de **185.808,82 € anuais**, IVE incluído (15.484,06 € mensuais), segundo o previsto no Prego- tipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.

Segundo.- Requirit ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto polo art. 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

SILLEDA a 7 de Agosto de 2014

O SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga



RECURSOS: Contra este acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer o recurso potestativo de reposición no prazo de UN MES diante do Concello de SILLEDA, a contar dende o día seguinte a notificación, e se interpón este recurso potestativo de reposición, non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Tamén pode interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de PONTEVEDRA, no prazo de DOUS MESES contados a partir do día seguinte á data de notificación do presente acordo.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición sen que se lle notificara a súa resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita á vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de PONTEVEDRA, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á data de notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte daquel en que se produza a súa desestimación presunta.

Todo iso sen prexuízo de que poderá utilizar calquera outro recurso que estime convinte.

SILLEDA a 7 de Agosto de 2014

O SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga



NOTIFICACION A: CELTA PRIX S.L. Av. del Puerto, 19, bajo A. 15160 SADA